Comezamos co BLOQUE 2, que o leva por título ASPECTOS CUANTITATIVOS DÁ QUÍMICA. O primeiro e único tema do bloque Leis e aspectos básicos da química, comeza cun repaso ao modelo atómico de Dalton e dos conceptos de molécula e mol (que nos permitiran revisar a diferenza entre sustancias puras e mesturas, elementos e compostos) son un repaso a conceptos vistos en 4º ESO.

No BLOQUE 3, REACCIÓNS QUÍMICAS, profundizaremos bastante nos cálculos estequiométricos iniciados en 4º ESO e que son base fundamental e imprescindible para a Química de 2º Bach.

Á QUÍMICA DO CARBONO pasalle o mesmo.

Na parte de química, o tema Transformacións enerxéticas e espontaneidade, non vai ser tratado en Quim 2º Bach, pero debemos incidir na espontaneidade, xa que será necesaria para definir o concepto de equilibrio químico que se abordará en 2º Bach.

A Física

Consideramos que era ao comezo a parte destinada á Física o momento idóneo para situar o BLOQUE 1, dado que o carácter das magnitudes, a súa medida, as posibles relacións funcionais entre elas, etc. tiña moita maior relevancia na Física que na Química.

Analizados os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe sinalados polo currículo para a física de primeiro de bacharelato, decidíriamos cal debería ser o desenvolvemento pormenorizado dos contidos a incluír no bloque. Faciámonos eco do establecido mais arriba no citado decreto

A nosa sorpresa foi atoparmos no bloque 7 con aplicacións do concepto de momento angular e da conservación do mesmo; sendo así que o produto vectorial non vén contemplado no currículo de matemáticas ata o segundo curso. Tamén observamos que era posible que á hora de iniciar o estudo da cinemática os contidos relativos a derivadas e/ou xeometría non se houberen impartido aínda.

Devandito isto confeccionamos un desenvolvemento pormenorizado do BLOQUE 1, incluíndo conceptos matemáticos que quizais sexan desenvolvidos polo departamento de Matemáticas con posterioridade neste curso ou no seguinte.

Á abordaxe do tema do MHS, está pensada, como aparece nos estándares e no libro de texto recomendado, para ser tratado, como un movemento máis, dentro dos temas de Cinemática, Dinámica e Enerxía, o que non quita que se podesa tratar coma un tema aparte. É de vital

importancia, para a Física de 2º Bach, que este tema se aborde na súa totalidade, xa que é a base do tema de vibraións e ondas de 2º Bach.

Exposto o anterior queremos deixar constancia de que o feito de comezar a materia por física ou por química non é ningún mandato imperativo e que pode moi ben modificarse noutros cursos.

O ideal sería poder empezar a parte de Física a principios do mes de Febreiro para abordala coa extensión requirida.

4.1.2. CONCRECIÓN DE CONTIDOS

CONTIDOS DE FÍSICA E QUÍMICA DE 1º BACHARELATO:

BLOQUE 1: A ACTIVIDADE CIENTÍFICA:

Tema 1.- A física e a química ciencias experimentais

- 1.1.- Estratexias necesarias na actividade científica.
 - 1.1.1. O método científico. Etapas
- 1.2. Magnitudes e unidades
- 1.3. Erros
- 1.4. Tecnoloxías da información e da comunicación no traballo científico.
- 1.3. Proxecto de investigación.

BLOQUE 2. ASPECTOS CUANTITATIVOS DA QUÍMICA:

Tema 2.- Leis e conceptos básicos en química

- 2.1.-Revisión da teoría atómica de Dalton. Revisión do concepto de molécula e mol.
- 2.2.- Leis dos gases. Ecuación de estado dos gases ideais.
- 2.3.- Determinación de fórmulas empíricas e moleculares.
- 2.4.- Disolucións: formas de expresar a concentración, preparación e propiedades coligativas.
- 2.5.- Métodos actuais para a análise de substancias: espectroscopía e espectrometría.
 - 2.5.1. Cálculo de masas atómicas a partir de datos espectroscópicos

BLOQUE 3. REACCIÓN QUÍMICAS:

Tema 3.- Estequiometría e química industrial

- 3.1.- Estequiometría das reaccións. Reactivo limitante e rendemento dunha reacción.
 - 3.1.1.- Formulación inorgánica.
 - 3.1.2.- Cálculos estequiométricos (reactivo limitante, reactivos impuros, rendemento das reaccións)
- 3.2. Química e industria.
 - 3.2.1.- Procesos industriais na obtención de compostos inorgánicos.
 - 3.2.2.- Siderurxia. Aplicacións.
 - 3.2.3.- Investigación de novos materiais.

BLOQUE 4. TRANSFORMACIÓN ENERXÉTICAS E ESPONTANEIDADE DAS REACCIÓN QUÍMICAS

Tema 4.- Transformacións enerxéticas e espontaneidade das reaccións químicas

- 4.1.-Sistemas termodinámicos
- 4.2. Primeiro principio da termodinámica. Enerxía interna.
- 4.3. Entalpía. Ecuacións termoquímicas.
- 4.4. Lei de Hess.
- 4.5. Segundo principio da termodinámica. Entropía.
- 4.6. Factores que interveñen na espontaneidade dunha reacción química. Enerxía de Gibbs.

4.7. Consecuencias sociais e ambientais das reaccións químicas de combustión.

BLOQUE 5. QUÍMICA DO CARBONO

Tema 5.- Química do carbono

- 5.1.- Enlaces do átomo de carbono.
- 5.2. Compostos de carbono: hidrocarburos.
- 5.3. Formulación e nomenclatura IUPAC dos compostos do carbono.
- 5.4.- Isomería estrutural e isomería espacial o estereoisomería.
- 5.5.- Petróleo e novos materiais.
- 5.6.- Aplicacións e propiedades dos compostos do carbono.
 - 5.6.1.- Formas alotrópicas do carbono
 - 5.6.2.- Química orgánica e medio ambiente.

BLOQUE 6. CINEMÁTICA

Tema 6.- Cinemática do punto material. Elementos e magnitudes do movemento

- 6.1. Sistemas de referencia inerciais. Principio de relatividade de Galileo.
 - 6.1.1.- SRI e SRNI
 - 6.1.2. Representación das magnitudes vectorias características do movemento
- 6.2. Movementos rectilíneo e circular.
 - 6.2.1. Ecuacións.
 - 6.2.2. Gráficas
 - 6.2.3. Cálculos a partir do vector de posición
- 6.3. Movemento circular uniformemente acelerado.
 - 6.3.1. Magnitudes angulares. Ecuacións. Relación coas magnitudes lineais
 - 6.3.2. Compoñentes intrínsecas da aceleración.
- 6.4. Composición dos movementos rectilíneo uniforme e rectilíneo uniformemente acelerado.
 - 6.4.1. Tiro parabólico
- 6.5. Descrición do movemento harmónico simple (MHS).

BLOQUE 7. DINÁMICA

Tema 7.- Dinámica

- 7.1. A forza como interacción.
- 7.2. Leis de Newton.
- 7.3. Forzas de contacto. Dinámica de corpos ligados.
 - 7.3.1. Planos inclinados e poleas
- 7.4. Forzas elásticas. Dinámica do MHS.
- 7.5. Sistema de dúas partículas.
- 7.6. Conservación do momento lineal e impulso mecánico.
- 7.7. Dinámica do movemento circular uniforme.
- 7.8. Leis de Kepler.
- 7.9. Forzas centrais. Momento dunha forza e momento angular. Conservación do momento angular.
 - 7.9.1. Movemento orbital
- 7.10. Lei de gravitación universal.
- 7.11. Interacción electrostática: lei de Coulomb.
- 7.12. Semellanzas e diferencias entre forzas eléctricas e gravitatorias.

BLOQUE 8. ENERXÍA

Tema 8.- Traballo e enerxía mecánica.

- 8.1. Enerxía mecánica e traballo.
 - 8.1.1. Lei de conservación da enerxía mecánica. Aplicación.
- 8.2. Teorema das forzas vivas.
- 8.3. Sistemas conservativos.
 - 8.3.1 Forzas conservativas , enerxía potencial e traballo

8.4. Enerxía cinética e potencial do movemento harmónico simple.

Tema 9 Interacción electrostática.-

9.1. Diferenza de potencial eléctrico.

9.1.1. Traballo e diferenza de potencial eléctrico

9.2. Analogías e diferencias entre interacción electrostática e gravitatoria.

4.1.3. AVALIACIÓNS: CONTIDOS. TEMPORALIDADE

Primeira avaliación.

| Bloqu | Unidade.Contid | Sesións |
|-------|--|---------|
| 2 | Tema 2.- Leis e conceptos básicos da química | 16 |
| 3 | Tema 3.- Estequiometría e química industrial | 20 |
| 5 | Tema 5.- Química do carbono | 8 |

Segunda avaliación

| Bloq | Unidade. | Sesións |
|------|--|---------|
| 4 | Tema 4.- Transformacións enerxéticas e espontaneidade. | 10 |
| 1 | Tema 1.- A física e a química ciencias experimentais. | 6 |
| 6 | Tema 6.- Cinemática do punto material, elementos e magnitudes... | 20 |

Terceira avaliación

| Bloqu | Unidade. | Sesións |
|-------|--------------------------------------|---------|
| 7 | Tema 7. Dinámica. | 18 |
| 8 | Tema 8. Traballo e enerxía mecánica. | 12 |
| 8 | Tema 9. Interacción electrostática | 6 |

4.1.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación empregado para pescudar o grao de evolución da aprendizaxe basearase na **observación continuada** do grao de maduración persoal, da adquisición dos conceptos físico químicos, da capacidade de interrelacionar os conceptos e do manexo adecuado dos significantes matemáticos e significados físico-químicos.

Os procedementos e instrumento de avaliación utilizados serán basicamente:

PROCEDEMENTOS

Análise da produción dos alumnos/as

Observación sistemática

Probas específicas

INSTRUMENTOS

Informes de Laboratorio. Traballos e exercicios.

Caderno do profesor

Exames e controis

4.1.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En cada avaliación teremos:

- *Unha nota de probas específicas (exames).*- Faranse dúas probas por avaliación que estarán constituídas por:

PROBLEMAS NUMÉRICOS e/ou CUESTIÓNS de definición de conceptos e de comprensión e razoamento.

O profesor fará constar no exame a puntuación de cada problema e/ou cuestión nos que se avalíe o grado de consecución das competencias.

As probas escritas representarán o 80 % da nota da avaliación. E dicir haberá unha nota resultado da media das dúas probas que terá un valor máximo de 8 puntos.

- *Unha nota de traballo de clase e laboratorio.*- Ao remate de cada avaliación cualificarase con un máximo de 2 puntos valorando nesta nota a adquisición de competencias demostrada.
- Hai que indicar que a posibilidade de realizar as prácticas de laboratorio recollidas nos estándares do curso , queda minimizada debido as restricións de espazo derivdas da COVID. Faranse as prácticas de xeito virtual ou maxistral, sabendo que non é o ideal, pero adaptándonos á situación actual.

4.1.6. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CADA AVALIACIÓN.

A cualificación será a nota ponderada das puntuacións acadadas nas probas escritas (exames) ás que se sumarán as cualificacións de traballos en clase e de laboratorio.

A avaliación estará superada se a media ten un valor igual ou superior a 5.

4.1.7. ELABORACIÓN DA NOTA FINAL DE CURSO

Os alumnos que non acaden a nota suficiente para superar a avaliación disporán dunha proba de recuperación escrita e entenderase aprobada a avaliación cando nesta proba obteña unha nota de 5 ou superior.

As probas de recuperación faranse nunha proba final, dividida por avaliacións, que todo o alumnado que teña algunha avaliación suspensa debera facer.

Debe terse en conta que, a nota acadada nas recuperacións das avaliacións correspondentes (incluídas na proba final) é unicamente a nota da proba escrita sobre 10 puntos.

Unha vez feita a proba procederemos como segue:

- Alumnos que teñan tódalas avaliacións aprobadas (nas avaliacións ou nas recuperacións correspondentes) :

Cualificación final: Nota media das avaliacións (escollendo a mellor nota de cada avaliación se houbese varias).

- Alumnos/as que van a proba final coas tres avaliacións suspensas: Poráselle a nota acadada nesa proba final.
- Alumnos/as con algunha avaliación suspensa: Suspendarán a materia e se lles porá a nota media das tres avaliacións (escollendo a mellor nota de cada avaliación se houbese varias). Se a media así calculada é igual ou superior a 5 puntos , reflexarase un 4 na nota final.
- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: Farase unha proba baseada na totalidade dos contidos do curso. Que valorarase sobre 10 puntos e será necesario sacar un mínimo de 5 para superar a materia.

4.1.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLÚIDOS OS LIBROS DE TEXTO.

Recorreráse as exposicións-debate cos alumnos, a resolución de test nos que traballen por parellas e a chamadas puntuais nos que se aprecie a facilidade expositiva..

A aula virtual será un vehículo de comunicación preferente e todo o alumnado de 1º Bach de FQ estará matriculado en cursos creados para eles. Nestes cursos ofreceráse información de contidos, aplicacións que podan axudar a aclarar conceptos, vídeos e tamén serán un vehículo para que o profesor poda mandar e recoller tarefas.

Loxicamente a clase maxistral tradicional tamén terá moita importancia e o encerado será un dos recursos máis utilizados, xunto co encerado dixital.

4.1.9. AVALIACIÓN INICIAL E ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Ao comezo do curso realizarase unha avaliación inicial cuxo cuestionario presente unicamente cuestións conceptuais aprendidas na ESO ou aspectos matemáticos relevantes.

Podería ser interesante, utilizar as cuestións da convocatoria de setembro dos cursos da ESO nesa proba inicial, xa que as mesmas versan sobre os estándares considerados fundamentais de cada curso.

Esta proba inicial poderíamos dividila nunha parte de química na que indaguemos o nivel acadado en aspectos como formulación inorgánica, química orgánica, concepto de mol, reactividade química..

Como aspectos máis significativos na parte de física, deberíamos centrarnos en cambios de unidades, representacións gráficas, cinemática, leis de newton, dinámica....

En canto á atención a diversidade , faranse actividades de reforzo e ampliación para o alumnado que así o requira.

Concretamente para o alumnado que suspenda unha avaliación se lle entregarán actividades que o axuden a acadar os estándares de aprendizaxe fundamentais (100%) para así preparar a recuperación da avaliación suspensa. Estas actividades poderían ser boletíns de exercicios e problemas, traballos relacionados cos contidos tratados, exercicios resoltos e comentados a modo de exemplificación , actividades de consolidación de algún libro de texto etc.

Para o alumnado que polos seus resultados e ao entender do profesor demande actividades de ampliación, proporcionaráselle unha escolla daquelas que os libros de texto ofrecen como Actividadesavanzadas.

4.2. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO. FÍSICA.

4.2.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA CONCRECIÓN DE CONTIDOS

Seguiremos os estándares de aprendizaxe expostos pola CIUG (practicamente coincidentes cos oficiais) así como as súas recomendación, facendo algunha variación , basicamente na orde de tratamento dos temas.

Comezaremos polo bloque 1: Actividade científica, basicamente con nocións do cálculo vectorial, necesario para campo gravitatorio e campo eléctrico e tamén un pequeno barniz de medidas e erros e representacións gráficas, este tema se avaliará de xeito transversal nos demais bloques.

Pasaremos despois ao bloque 2, **Campo gravitatorio** e seguiremos polo Bloque 4, cunha revisión ao movemento harmónico simple, que é fundamental para abordar con garantía o mesmo, e seguido, e con base no anterior , abordaremos o tema de **Vibracións e ondas**. Estes dous temas, 2 e 3, sería convinte telos rematados para a primeira avaliación. O tema seguinte será **Electromagnetismo** con campo eléctrico primeiro , campo magnético despois e indución electromagnética en último lugar. A continuación abordaremos o tema de **Óptica** que é totalmente novo para o alumnado e non vai requirir coñecementos do curso anterior. Este tema , normalmente queda acabalo entre a segunda e a terceira avaliación e finalmente o tema de **Física do século XX**, que dividiremos en tres partes (relatividade , mecánica cuántica e física nuclear) para o remate do curso.

4.2.2. CONCRECIÓN DE CONTIDOS

BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA

UNIDADE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA

- 1 Importancia do concepto de magnitude nas ciencias experimentais (ao longo de todo o curso)
1. Magnitudes fundamentais e derivadas no S.I.
- 2 O carácter das magnitudes e as operacións entre elas: magnitudes escalares e vectoriais.
 21. Produto escalar.
 22. Produto vectorial.
 23. Momento de un vector respecto a un punto.
3. A Incertidume da medidas. Expresión de resultados.
4. A búsqueda de leis: tratamentos analítico e gráfico.

BLOQUE 2. INTERACCIÓN GRAVITATORIA

UNIDADE 2. INTERACCIÓN GRAVITATORIA

- 1.- Modelos do universo.Revisión histórica.
- 2.- Leis de Kepler
- 3.- Lei de Gravitación Universal. Forza que orixina o Campo Gravitatorio.
- 4.- Intensidade do campo gravitatorio.
- 5.- Enerxía potencial gravitatoria. Potencial gravitatorio. Diferencia de potencial
- 6.- Principio de conservación da enerxía mecánica.
- 7.- Satélites artificiais: Velocidade orbital, velocidade de escape, enerxía e órbitas.

BLOQUE 4. VIBRACIONES E ONDAS

UNIDADE 3.VIBRACIÓNS E ONDAS

O Movemento harmónico simple. Revisión

1. Ondas harmónicas planas.Definición.
- 2 Tipos de ondas:
 21. Ondas lonxitudinais e transversais;
 22. Ondas mecánicas e electromagnéticas.
3. Magnitudes características:
 31. Lonxitude de onda, frecuencia, velocidade de propagación.
 32. Amplitude, frecuencia e velocidade da perturbación.
4. Propiedades das ondas I. Enerxía e intensidade dunha onda esférica.
 41. Modelo mecánico.
 42. Atenuación, amortiguación e absorción da enerxía dunha onda.
5. Propiedades das ondas II. O modelo xeométrico de Huygens
 51. Reflexión. Lei de Snell.
 52. Refracción. Lei de Snell. Índice de refracción.
 53. Difracción.

6. Modelo matemático. Ecuación dunha onda harmónica
 - 6.1. As interferencias. Principio de superposición. Interferencia construtiva e destrutiva.
 - 6.2. Ondas estacionarias.
7. Polarización: descrición cualitativa.

ONDAS MECÁNICAS: SONIDOS, ULTRASONIDOS E INFRASONIDOS.

1. Propagación do son. Velocidade de propagación do son.
2. Calidades do son: ton, intensidade e timbre.
3. Percepción do son.
4. Efecto Doppler.
5. Resonancia: concepto e descrición cualitativa mediante exemplificacións.

ONDAS ELECTROMAGNÉTICAS: LUZ VISIBLE E OUTRAS RADIACIÓNS ELECTROMAGNÉTICAS.

1. Luz visible.
2. Reflexión
3. Refracción. Índice de refracción.
4. Polarización
5. Dispersión de la luz.
6. Prisma óptico. Espectro de la luz visible.

BLOQUE 3. INTERACCIÓN ELECTROMAGNÉTICA

UNIDADE 4.

CAMPOS ELÉCTRICO .

1. Forza electrostática.
2. Descrición dos fenómenos electrostáticos. Condutores e illantes.
3. Carga eléctrica.
4. Forza entre cargas en repouso; lei de Coulomb. Superposición.
5. Campo electrostático.
6. Cargas puntuais. Principio de superposición.
 - 6.1. Intensidade de campo nun punto. Forza electrostática.
 - 6.2. Potencial electrostático nun punto.
 - 6.3. Traballo realizado polo campo: diferenza de potencial.
7. Campo dunha distribución continua de cargas: Teorema de Gauss.
 - Esfera
 - Plano
 - Fío infinito.
8. Enerxía potencial electrostática.
9. Relación unidimensional entre intensidade de campo e potencial electrostático.
10. Intensidade de campo e Potencial de condutores cargados.
 - 10.1. A distribución de la carga
 - 10.2. Representacións gráficas da intensidade de campo e o potencial electrostático.

CAMPO MAGNÉTICO.

1. Imáns naturais.
2. Campo magnético no baleiro. Liñas de campo.
3. As cargas en movemento como orixe do campo magnético: experiencias de Oersted.
4. Forza magnética sobre unha carga en movemento no seo dun campo magnético: lei de Lorentz.
5. Definición e unidades de B: movemento de cargas nun campo magnético uniforme.
6. Interaccións entre campos magnéticos y correntes.
7. Forza magnética sobre unha corrente rectilínea. Lei de Laplace.
8. Campo creado por un fío infinito. Lei de Biot y Savart.
9. Circulación de B o longo dunha liña pechada. Lei de Ampere.
10. Campo creado por un solenoide.
11. Forza magnética entre dúas correntes rectilíneas indefinidas:
12. Definición internacional de amperio.
13. Definición de coeficiente de autoindución dunha bobina (relación Fluxo/Intensidade). Unidades.

INDUCCIÓN ELECTROMAGNÉTICA.

14. Forza electromotriz inducida. Lei de Lenz-Faraday.
15. Analogías e diferenzas entre campos gravitatorio, eléctrico e magnético.
16. Produción de correntes alternas. Descrición dun xerador elemental.

BLOQUE 5, ÓPTICA XEOMÉTRICA

UNIDADE 5. ÓPTICA

1. Aproximación xeométrica á luz.
 - 1.1. Raio e feixe.
 - 1.2. Propagación rectilínea.
 - 1.3. Sombras e penumbra.
2. Leis da reflexión. Formación de imaxes por espellos.
3. Leis da refracción.
 - 3.1. Índice de refracción.
 - 3.2. Ángulo límite.
4. Dióptrios. Formación de imaxes por lentes delgadas.
5. Instrumentos ópticos: olo, lupa, microscopio e telescopio.
6. Aplicación das propiedades das ondas ó caso da luz: interferencia, difracción e polarización.

BLOQUE 6. FÍSICA DO SÉCULO XX**UNIDADE 6.****AS BASES DA FÍSICA CUÁNTICA. TEORÍA DA RELATIVIDADE ESPECIAL**

1. Teorías acerca da natureza de la luz.
 - 1.1. Newton vs Huygens
 - 1.2. O Experimento da dobre fenda.
 - 1.3. Maxwel. Predición de ondas electromagnéticas.
2. Feitos experimentais.
 - 2.1. Hertz. Produción y detección de ondas electromagnéticas.
 - 2.2. O experimento de Michelson e Morley.
 - 2.3. O efecto fotoeléctrico.
 - 2.4. Espectros atómicos.
 - 2.5. Radiación do corpo negro. Hipótese de Planck.
3. Relatividade de Galileo. Sistemas inerciais.
 - 3.1. Ecuacións de transformación.
 - 3.2. Transformación de Lorentz.
4. Albert Einstein teoría relatividade especial.
 - 4.1. Postulados de Einstein.
 - 4.2. Principio de conservación do momento lineal e a masa relativista.
 - 4.3. Masa e enerxía relativista.
5. Albert Einstein e o efecto fotoeléctrico.
 - 5.1. Momento lineal e enerxía dun fotón.
 - 5.2. Compton e a verificación da hipótese de Einstein.

OS ÁTOMOS A LÚS DA FÍSICA CUÁNTICA. A CORTIZA

1. Os espectros atómicos.
 - 1.1. O modelo de Bohr.
 - 1.2. L.M.de Broglie: dualidade onda corpúsculo
 - 1.3. Principio de incertidume de Heisemberg.
2. A mecanocuántica ondulatoria.
 - 2.1. Ecuación se Schroedinger.
 - 2.2. Concepto de orbital.
3. Emisión espontánea y emisión estimulada de fotóns: LASER

O NÚCLEO, RADIATIVIDADE

1. Núcleo atómico.
 - 1.1. Constitución.
 - 1.2. Forzas nucleares.
 - 1.3. Enerxía de enlace.
2. Defecto de masa.Radioactividade:
 - 2.1. Desintegracións e transformacións nucleares.
 - 2.2. Fisión e fusión nuclear.
3. As interaccións nucleares forte e débil.
4. As partículas elementais.
 - 4.1. Leptóns
 - 4.2. Quarks.
5. Historia e composición do universo.

4.2.3. AVALIACIÓNS: CONTIDOS. TEMPORALIDAD

| Bloque | Unidade. Contido | Sesións |
|--------|---|---------|
| 1 | 1.- Método científico. A súa aplicación | 6 |
| 2 | 2.- Interacción gravitatoria | 17 |
| 4 | 3.- Ondas | 17 |
| Total | | 40 |

| Bloque | Unidade. Contido | Sesións |
|--------|-----------------------|---------|
| 3 | 4.- Electromagnetismo | 28 |
| Total | | 32 |

| Bloque | Unidade. Contido | Sesións |
|--------|----------------------|---------|
| 5 | 5. Óptica Xeométrica | 4+10 |
| 6 | 6.- Física Moderna | 26 |
| Total | | 36 |

Hai que ter en conta que o tema de Óptica xeométrica soe estar a cabalo entre o segundo e terceiro trimestre. Iníciase no segundo pero avalíase a principio do terceiro.

Debido ao COVID neste curso 21/22 , a realización de prácticas presenciais polo alumnado, virá condicionado coa aplicación das normas hixienico-sanitarias, polo que estas prácticas poderán ser substituídas por prácticas ben virtuais ou maxistras que non é desde logo a filosofía dos estándares oficiais.

No curso pasado , a CIUG reduciu as prácticas para as ABAU a tres. Supoñemos que neste curso seguiremos igual polas razóns anteriormente expostas

4.2.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación empregado para pescudar o grao de evolución da aprendizaxe basearase na **observación continuada** do grao de maduración persoal, da adquisición dos conceptos físico químicos, da capacidade de interrelacionar os conceptos e do manexo adecuado dos significantes matemáticos e significados físico-químicos.

Os procedementos e instrumento de avaliación utilizados serán basicamente:

PROCEDEMENTOS

Análise da produción dos alumnos/as

Observación sistemática

Probas específicas

INSTRUMENTOS

Informes de Laboratorio (sen práctica presencial). Traballos e exercicios.

Caderno do profesor

Exames e controis

4.2.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

En cada avaliación teremos:

- *Unha nota de probas específicas (exames).*- Faranse dúas probas por avaliación que estarán constituídas por:

PROBLEMAS NUMÉRICOS e/ou CUESTIÓNS de definición de conceptos e de comprensión e razoamento. O profesor fará constar no exame a puntuación de cada problema e/ou cuestión nos que se avalíe o grado de consecución das competencias.

O primeiro destes exames versará aproximadamente da metade dos contidos do trimestre e o seu peso será de 1/3 da nota de probas específicas. O segundo exame de avaliación ,

abrange a totalidade dos contidos do trimestre e ten unha ponderación de 2/3 sobre o total da nota de probas escritas.

As probas escritas representarán o 90 % da nota da avaliación. E dicir haberá unha nota resultado da ponderación mencionada que terá un valor máximo de 9 puntos.

- *Unha nota de traballo de clase e laboratorio.-* Ao remate de cada avaliación cualificarase con un máximo de 1 punto valorando nesta nota a adquisición de competencias demostrada.
- *Hai que indicar que a posibilidade de realizar as prácticas de laboratorio recollidas nos estándares do curso , queda minimizada como se indicou anteriormente. Faranse as prácticas de xeito virtual ou maxistral, sabendo que non é o ideal, pero adaptándonos á situación actual*

Cualificación de cada avaliación.

A nota da avaliación é a suma da produción dos alumnos, traballos de clase e laboratorio, e da proba específica (exames), sempre e cando a nota da proba específica sexa maior o igual a 4

A avaliación estará superada si a media ten un valor igual ou superior a 5.

Avaliación ordinaria

Os alumnos que non acaden a nota suficiente para superar a avaliación disporán dunha proba de recuperación escrita, proba final, e entenderase aprobada a avaliación cando nesta proba obteña unha nota de 5 ou superior.

Ao final do curso , farase unha proba final, dividida por avaliacións , que todo alumno/a que teña algunha avaliación suspensa deba facer.

Se o alumno/a ten tres avaliacións suspensas, terá que facer, nesta proba, unha serie de preguntas das tres avaliacións, escollidas polo profesor.

Debe terse en conta que, a nota acadada nas recuperacións das avaliacións correspondentes e unicamente a nota da proba escrita sobre 10 puntos.

Unha vez feita a proba procederemos como segue:

- Alumnos que teñan tódalas avaliacións aprobadas (nas avaliacións ou nas recuperacións correspondentes) :

Cualificación final = Nota media das avaliacións.

- Alumnos/as que van a proba final coas tres avaliacións suspensas: Poráselle a nota acadada nesa proba final.
- Alumnos/as con algunha avaliación suspensa: Suspendarán a materia e se lles porá a nota media das tres avaliacións (escollendo a mellor nota de cada avaliación). Se a media así calculada é igual ou superior a 5 puntos , reflexarase un 4 na nota final.

Avaliación extraordinaria

Realizarase unha proba na data fixada polo centro, en xuño, e a cualificación será a que resulte desa proba. O exame de xuño terá a mesma estrutura que o final de maio.

No caso de presentarse ao exame final de toda a materia, ben na convocatoria ordinaria de maio ben na extraordinaria de xuño, para superar a materia o alumno deberá obter como **mínimo 5 puntos** sobre 10 en ditos exames.

4.2.6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.

Non temos libro de texto para esta materia.

Dispomos dun **curso** da mesma na **aula virtual** chamado **Física 2ºBach** , no que están incluídos, entre outros recursos, os apuntes necesarios para preparar a materia.

A utilización da aula virtual será frecuente , tanto como sistema de transmisión de información ao alumnado como para propoñer e recoller tarefas a realizar.

Se polas circunstancias COVID o ensino neste nivel pasase a non presencial, a aula virtual será o vehículo de comunicación para tratar todo aquilo que non poda ser tratado presencialmente.

A pesar de ser ciencias experimentais, clasicamente, unha das carencias da ensinanza da Física ten sido a escaseza de actividades prácticas nas que os alumnos puidesen comprobar a veracidade dos contidos estudados. Este problema pretende resolverse na nosa formulación mediante diferentes elementos.

- A Física é unha materia fundamentalmente experimental. As teorías e modelos propostos deben ser corroborados mediante a experiencia. Isto debe reflectirse nunha serie de actividades que aproveiten ao máximo os contidos do programa, logrando que os alumnos e alumnas incorporen á súa formación contidos procedimentais e actitudinais que completen a exposición e o estudo doutros contidos puramente conceptuais.
- Deben introducirse no estudo numerosos exemplos prácticos e, sobre todo, cotiáns, onde o alumnado poida comprobar en por si a veracidade e utilidade das explicacións, moitas veces excesivamente teóricas. Ademais, todo o anterior debe cumprir unha función de motivación cara ao estudo da Física e á comprensión dos fenómenos do mundo que nos rodea.
- Aplicación do método científico á explicación dalgúns fenómenos naturais facilmente observables e ao desenvolvemento de experiencias de laboratorio.
- Solución de problemas numéricos e conceptuais mediante a aplicación das técnicas básicas do método científico e a aplicación de conceptos.
- Utilizarase o Sistema Internacional de Unidades e as normas ditadas pola IUPAC.
- As actividades propostas pretenden, por unha banda, que os alumnos e alumnas asimilen os contidos tratados en cada unha das unidades e, por outra, que adquiran hábitos de traballo cuxa aplicación alcanza tamén a outras materias:

+ Exemplos e problemas resoltos, nos que se mostran ás alumnas e alumnos estratexias útiles na resolución de problemas, á vez que se afianzan os contidos estudados.

+ Cuestións e exercicios, nos que se pregunta sobre temas tratados no texto ou nos que se pretende que o alumno investigue na súa contorna ou busque a información necesaria para contestar ao que se lle pregunta.

+ Problemas, nos que se expoñen situacións teóricas e prácticas que os alumnos e alumnas deben resolver empregando os recursos do tema. Moitos destes problemas cumpren unha función integradora dos contidos tratados en cada unidade.

+ Experiencias de laboratorio, nas que os alumnos deben reproducir as fases do método científico, toma de datos, análises da información, emisión e comprobación de hipótese, etc. Van acompañadas de pequenas actividades para facilitar ás alumnas e alumnos a análise do fenómeno estudado.

A materia impartirase fundamentalmente na aula, tanto a parte teórica como a realización de cuestións teóricas e problemas.

Durante o desenvolvemento de cada tema e ao final do mesmo realizáanse cuestións teóricas e problemas sobre o devandito tema.

Tamén se realizarán no laboratorio, tanto polos alumnos como polo profesor, prácticas e experiencias directamente relacionadas cos contidos xa impartido

4.3. SEGUNDO CURSO BACHARELATO. QUÍMICA

4.3.1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA CONCRECIÓN DE CONTIDOS.

Consideramos necesario iniciar a programación cunha posta en pé dos contidos básicos sobre cálculos elementais necesarios para afrontar con éxito o abordamento dos problemas relativos ás reaccións químicas, sexan estas irreversibles ou ben constitúan equilibrios químicos. Contemplaremos ademais unha pequena revisión da termoquímica como base necesaria para o estudo dos equilibrios químicos e para comprender a utilidade da lei de Hess para comprobar a bondade do modelo de Born-Landé para aproximarnos á previsión de valores da enerxía reticular.

4.3.2. CONCRECIÓN DE CONTIDOS.

BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA.

UNIDADE 0.(REVISIÓN) - Cálculos numéricos elementais en química.

- 1.- Substancias químicas. Masa atómica, masa molecular, mol.
 - 1.1.- Composición centesimal dun composto.
 - 1.2.- Determinación da fórmula dun composto por análise elemental.
 - 1.3.- Determinación de fórmulas empíricas e moleculares.
- 2.- Mesturas homoxéneas:
 - 2.1.- disolucións líquidas.
 - 2.1.1.- Concentración das disolucións:
 - 2.1.2.- porcentaxe en peso
 - 2.1.3.- porcentaxe en volume,
 - 2.1.4.- masa/volume,
 - 2.1.5.- molaridade,
 - 2.1.6.- molalidade,
 - 2.1.7.- fracción molar.
- 3.- Mesturas de gases e Comportamento dos gases en condicións ideais.
 - 3.1.- Ecuación de estado.
 - 3.2.- Lei de Dalton das presións parciais.
 - 3.3.- Determinación da masa molecular dun gas a partir da ecuación de estado.
- 4.- Reacción química. Ecuación química.
 - 4.1.- Cálculos estequiométricos: reactivo limitante e reactivo en exceso,
 - 4.2.- Reaccións nas que participan gases e/ou substancias en disolución,
 - 4.3.- Reactivos cun determinado grao de pureza,
 - 4.4.- Rendemento dunha reacción.

BLOQUE 2: ORIGEN E EVOLUCIÓN DOS COMPONENTES DO UNIVERSO.

UNIDADE 1. Estrutura atómica e clasificación periódica dos elementos.

- 1.- Modelos atómicos.
 - 1.1.- Thompson
 - 1.2.- Rutherford.
 - 1.3.- Núcleo. Nucleóns.
 - 1.4.- Cortiza. Electróns.
- 2.- Feitos experimentais e teorías.
 - 2.1.- Maxwell e as ondas electromagnéticas.

- 2.2.- Os espectros atómicos.
- 2.3.- Efecto fotoeléctrico.
- 2.4.- A Radiación dun corpo negro.
- 2.5.- Hipótese de Planck e a radiación dun corpo negro
- 2.6.- Einstein e o Efecto fotoeléctrico.
- 2.7.- Espectros atómicos.
- 3.- Modelo atómico de Bohr e as súas limitacións.
- 4.- Hipótese de De Broglie.
- 5.- Principio de Heisenberg.
- 6.- Mecánica ondulatoria.
 - 6.1.- Orbitais atómicos.
 - 6.2.- Números cuánticos.
- 7.- Configuracións electrónicas.
- 8.- Partículas elementais. Hadróns e leptóns. Los quarks.
- 9.- Sistema periódico: elementos e isótopos.
- 10.- Campo eléctrico atómico. Intensidade de campo y potencial electrostático.
 - 10.1.- Apantallamiento y carga nuclear efectiva Z^* .
 - 10.1.1.- Variación de Z^* a lo largo de un período.
 - 10.1.2.- Variación de Z^* ao descender en un grupo.
 - 10.2.- Electróns de valencia y numero cuántico principal.
- 11.- Propiedades atómicas.
 - 11.1.- Radio atómico. Variación a lo largo de un período y de un grupo: factores implicados.
 - 11.2.- Enerxía de ionización. Variación a lo largo de un período y de un grupo: factores implicados.
 - 11.3.- Afinidade electrónica. Variación a lo largo de un período y de un grupo: factores implicados.
 - 11.4.- Radio iónico. Catións y anións. A sua variación.
 - 11.5.- Clasificación periódica dos elementos. Variación periódica das propiedades dos elementos
 - 11.6.- Electronegatividade. Variación a largo del sistema periódico.

UNIDADE 2: Enlace químico e propiedades das sustancias.

- 1.- Concepto de enlace en relación coa estabilidade enerxética dos átomos enlazados.
- 2.- Enlace iónico. Cristais.
- 3.- Propiedades das sustancias iónicas.
 - 3.1.- Temperatura de fusión. Factores de que depende.
 - 3.2.- Solubilidade en compostos iónicos: Enerxía reticular e enerxía de solvatación.
- 4.- Concepto de enerxía de rede.
 - 4.1.- A sua medida. Ciclo de Born-Haber.
 - 4.2.- O modelo de Born-Lande
- 5.- Enlace covalente. Moléculas. Propiedades das sustancias covalentes.
- 6.- Parámetros moleculares.
 - 6.1.- Xeometría molecular.
 - 6.2.- Lonxitude dos enlaces.
 - 6.3.- Ángulos de enlace.
 - 6.4.- Polaridade das moléculas.
 - 6.5.- Puntos de ebulición e de fusión.
- 7.- Modelos de enlace covalente.

- 7.1.- Modelo de Lewis: Octeto.
- 7.2.- Modelo de repulsión dos pares electrónicos da capa de valencia RPECV.
- 7.3.- Hibridación de orbitais.
- 7.4.- Enlaces simples e enlaces múltiples.
- 7.5.- Enlaces intermoleculares.
- 7.6.- Enlace ponte hidroxeno
- 7.7.- Enlace por forzas de Van der Waals.
- 8.- Enlace metálico.
- 9.- Modelos que explican o enlace metálico. Teoría de bandas.
- 10.- Propiedades dos metais.
- 11.- Dopaxe. Semicondutores.
- 12.- Supercondutores.

BLOQUE 3. REACCIÓN QUÍMICAS.

UNIDADE 3. EQUILIBRIO QUÍMICO. CONCEPTO E CARACTERÍSTICAS.

- 1.- Termodinámica e equilibrio en estado gasoso: a constante K_p .
- 2.- Dinámica das reaccións químicas.
 - 2.1.- Velocidade de reacción.
 - 2.1.1.- Ecuacións cinéticas.
 - 2.1.2.- Relación entre concentracións de reactivos e o tempo
 - 2.2.- Mecanismos de reacción e molecularidade.
 - 2.2.1.- Teoría das colisións.
 - 2.2.2.- Teoría do estado de transición.
 - 2.3.- Factores que inflúen na velocidade de reacción.
 - 2.3.1.- Natureza dos reactivos.
 - 2.3.2.- Concentración das sustancias reaccionantes.
 - 2.3.3.- Catalizadores.
 - 2.3.4.- Temperatura.
 - 2.4.- Catalizadores en procesos industriais.
- 3.- Cinetoquímica e equilibrio:
 - 3.1.- Lei de acción de masas o de Guldberg y Waage: K_c
 - 3.2.- termoquímica y equilibrio en fase gas: K_p

UNIDADE 4. EQUILIBRIO QUÍMICO I. Equilibrios en fase gasosa

- 1.- Formas de expresar a constante de equilibrio: K_c e K_p . Relacións entre as constantes de equilibrio.
- 2.- Cociente de reacción e constante de equilibrio. Predición do sentido dunha reacción.
- 3.- Factores que modifican o estado de equilibrio: principio de Le Chatelier. Efectos da presión e o volume.
- 4.- K_p e a súa variación coa temperatura en procesos exo ou endotérmicos. Importancia en procesos industriais.
- 5.- Grao de disociación.

EQUILIBRIO QUÍMICO II. Equilibrios heteroxéneos sólido-líquido

- 1.- Equilibrio de solubilidade.

- 2.- Solubidade e produto de solubidade.
- 3.- Factores que afectan a solubidade.
- 4.- Efecto ión común

UNIDADE 5. EQUILIBRIO QUÍMICO III. Reaccións de transferencia de protóns.

- 1.- Concepto de ácido-base segundo as teorías de Arrhenius e Bronsted-Lowry: As reaccións de transferencia de protóns.
- 2.- Concepto de pares ácido-base conxugados.
- 3.- Fortaleza relativa dos ácidos e bases e grao de ionización.
- 4.- Equilibrio iónico da auga. Concepto de pH.
- 5.- Volumetrías de neutralización ácido-base. Indicadores ácido-base.
- 6.- Estudo cualitativo da hidrólise.
- 7.- A importancia do pH na vida cotiá. Estudo cualitativo das disolucións reguladoras.

UNIDADE 6. EQUILIBRIO QUÍMICO IV. Reaccións de transferencia de electróns.

- 1.- Concepto de oxidación e redución.
 - 1.1.- Numero de oxidación.
 - 1.2.- Oxidantes e redutores.
 - 1.3.- Axuste de reaccións químicas polo método do ión-electrón.
- 2.- Estudo da célula galvánica.
 - 2.1.- Tipos de eléctrodos.
 - 2.2.- Potencial de eléctrodo.
 - 2.3.- Escala normal de potenciais.
 - 2.4.- Potencial dunha pila.
 - 2.5.- Relación entre E_0 e ΔG . Espontaneidade dos procesos redox.
- 3.- Electrólise: estudo da cuba electrolítica.
 - 3.1.- 3.1. Leis de Faraday. Principais aplicacións industriais.

BLOQUE 4. SÍNTESE ORGÁNICA E NOVOS MATERIAIS.

UNIDADE 7. Química orgánica.

- 1.- Nomenclatura e formulación das principais funcións orgánicas.
- 2.- Enlace nos compostos orgánicos. Diferentes tipos de isomería.
- 3.- Reactividade dos compostos orgánicos
 - 3.1.- Desprazamentos electrónicos
 - 3.2.- Ruptura de enlaces e intermedios de reacción.
- 4.- Principais tipos de reaccións orgánicas:
 - 4.1.- Substitución ou desprazamento
 - 4.2.- Adición a dobres e triplos enlaces. Regra de Markovnicov.
 - 4.3.- Eliminación: regra de Saytzeff.
 - 4.4.- Oxidación-redución.
 - 4.5.- Condensación.
 - 4.6.- Esterificación.
 - 4.7.- Combustión.

- 5.- Polímeros:
 - 5.1.- Clasificación.
 - 5.2.- Propiedades.
- 6.- O proceso de polimerización
 - 6.1.- Reaccións de adición
 - 6.2.- Reaccións de condensación.
- 7.- Polímeros de interese industrial
 - 7.1.- Polímeros etilénicos.
 - 7.2.- Caucho natural e cauchos artificiais.
 - 7.3.- Fibras téxtiles.
 - 7.4.- Poliuretanos.
 - 7.5.- Bakelita.
 - 7.6.- Siliconas.
- 8.- Macromoléculas de orixe natural
 - 8.1.- Hidratos de carbono
 - 8.2.- Lípidos.
 - 8.3.- Proteínas.
 - 8.4.- Ácidos nucleicos.

4.3.3. AVALIACIÓNS: CONTIDOS. TEMPORALIDADE.

Primeira avaliación.

| Bloque | Unidade | Sesións |
|--------|---|---------|
| 1 | 0 - Cálculos numéricos elementais en química. | 10 |
| 2 | 1 - Estrutura atómica e clasificación periódica dos elementos | 15 |
| 2 | 2 - Enlace químico e propiedades das sustancias. | 15 |

Segunda avaliación.

| Bloque | Unidade | Sesións |
|--------|--|---------|
| 3 | 3 - Equilibrio químico: concepto e características (cinética química) | 6 |
| 3 | 4 - Equilibrio químico I. Equilibrios en fase gasosa. Equilibrio químico II. Equilibrios heteroxéneos sólido-líquido | 14 |
| 3 | 5 – Equilibrio químico III. Reaccións de transferencia de protóns. | 14 |

Terceira avaliación.

| Bloque | Unidade | Sesións |
|--------|--|---------|
| 3 | 6 – Equilibrio químico IV. Reaccións de transferencia de electróns | 20 |
| 4 | 7 - Química orgánica | 16 |

4.3.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación empregado para pescudar o grao de evolución da aprendizaxe basearase na **observación continuada** do grao de maduración persoal, da adquisición dos conceptos físico químicos, da capacidade de interrelacionar os conceptos e do manexo adecuado

dos significantes matemáticos e significados físico-químicos.

Os procedementos e instrumento de avaliación utilizados serán basicamente:

| PROCEDEMENTOS | INSTRUMENTOS |
|-------------------------------------|--|
| Análise da produción dos alumnos/as | Informes de Laboratorio (non presenciais). Traballos e exercicios. |
| Observación sistemática | Caderno do profesor |
| Probas específicas | Exames e controis |

4.3.5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

A **cualificación final de cada avaliación** obterase tendo en conta tanto os resultados das probas escritas (media ponderada dos exames, por exemplo, no caso de que no segundo exame entre tamén a materia do primeiro, terá dobre valor o segundo exame) como a nota media dos proxectos e traballos realizados ao longo da avaliación. De tal xeito que o peso de cada parte na cualificación final será: o 80% para o promedio dos resultados das probas escritas (exames de avaliación e/ou recuperación) e o 20% para o promedio dos resultados de outros procedementos de avaliación distintos como os proxectos, traballos, actividades de laboratorio...

A avaliación considérase aprobada se a nota é igual ou superior ó cinco sobre dez.

Para a avaliación deste 80% , realizaranse, en xeral, e de ser posible, dúas probas escritas por avaliación.

A nota global das probas obterase aplicando a seguinte fórmula:

$$\text{Cualif.} = \frac{(\text{Nota do 1º exam.} + 2 \times \text{Nota do 2º exam.})}{3}$$

NOTA.- No caso de fraude comprobado na realización dun exame por calquera medio (copiar do compañeiro, con apuntes, medios electrónicos, etc.), aínda que o profesor resérvase a posibilidade de emprender as accións disciplinarias indicadas no regulamento de réxime interno do centro, o exame repetirase, a ser posible, no mesmo día ou o día seguinte. Do mesmo xeito, se dous alumnos presentan un traballo escrito con evidencias claras de telo copiado, será anulado e a súa avaliación será de cero.

Para a avaliación deste 20% terase en conta:

- Probas iniciais: están orientadas a coñecer as competencias do alumnado. Deben permitir comprobar, o nivel inicial de cada alumno ou alumna. Poden realizarse en base a test de preconceptos ou como debate oral previo ó inicio de cada tema.
- Observación na aula: especialmente adecuada para a valoración do traballo do alumnado.
- Caderno de traballo do alumno: no que se valorará o grado de consecución dos estándares de aprendizaxe nas actividades propostas: prácticas de laboratorio, anotacións, exercicios, probas e traballos corrixidos e anotados polo profesor, materiais entregados polo profesor, etc.
- O alumnado que perdera o seu dereito a avaliación continua terá dereito a presentarse á proba final de curso.
- En cada exame entraran exercicios ou preguntas dos exames anteriores, polo que a avaliación será continua e no caso de aprobar con un 5 un exame, quedarán recuperados os anteriores.

- **Avaliación ordinaria**

A cualificación final obterase aplicando a seguinte fórmula:

$$\text{[Cualif.} = \frac{1}{6} \times \text{Nota da 1ª Aval.} + \frac{1}{3} \times \text{Nota da 2ª Aval.} + \frac{1}{2} \times \text{Nota da 3ª Aval.}]$$

Non se aplicará nos casos seguintes, cando se ten máis dunha avaliación suspensa, ou tendo dúas aprobadas se na última obtivo menos de 3 puntos.

Se o alumnado non pode aprobar, (casos anteriores), ou se quere subir nota, poderá presentarse a unha proba global, que incluíra exercicios e cuestións relativas aos estándares de aprendizaxe correspondentes. A nota final obterase aplicando a fórmula .

$$[\text{Cualif.} = (2 \times \text{Nota da recup} + \text{Nota media da aval. final})/3]$$

- **Avaliación extraordinaria**

Realizarase unha proba na data fixada polo centro, en xuño, e a cualificación será a que resulte desa proba. O exame de xuño terá a mesma estrutura que o final de maio.

No caso de presentarse ao exame final de toda a materia, ben na convocatoria ordinaria de maio ben na extraordinaria de xuño, para superar a materia o alumno deberá obter como **mínimo 5 puntos** sobre 10 en ditos exames.

4.3.6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLÚIDOS LIBROS DE TEXTO.

Neste curso tan condicionado pola situaseción de pandemia, vai minorizar de xeito importantísimo o uso do laboratorio e o material en el existente.

Os recursos principais serán, por tanto a aula, de clase co seu equipamento e a aula virtual do centro, no que vai existir un curso da materia con contido para o alumnado.

Non hai un libro de texto específico

4.4. RECUPERACIÓN DE ALUMNOS PENDENTES DE PRIMEIRO DE BACHARELATO.

Farase unha proba con contidos de Química e Física, na data determinada ao efecto pola xefatura de estudos.

Se o alumnado o solicita, se lle recomendarán exercicios de 1º Bach, para axudalo na preparación da proba.

O alumnado terá a materia recuperada se obtén na proba unha nota igual ou superior a 5 puntos.

O alumnado que non supere deste xeito a materia de 1º Bach pendente, poderá facer un exame extraordinario, e terá a materia superada se acada unha puntuación neste exame igual ou superior a 5.

O xefe de departamento convocará unha reunión ao alumnado con materias pendentes do departamento para explicar este plan.

4.5- ACREDITACIÓN DA CONDICIÓN PARA CURSAR FÍSICA OU QUÍMICA DE 2º BACH. SEN TER CURSADO A FÍSICA E QUÍMICA DE 1º BACH.

O alumnado que desexe cursar Física ou Química de 2º Bach. sen ter cursado a materia de Física e química de 1º Bach realizará unha proba, deseñada polo departamento, cos contidos que a continuación se relacionan, en función da materia que pretenda cursar:

Química 2º Bach: Estrutura atómica e enlace químico (do bloque 2 de 4º ESO). Leis e conceptos básicos da química, Estequiometría e química industrial e Química do carbono (dos contidos de 1º Bach).

Física de 2º Bach: Cinemática do punto material, elementos e magnitudes correspondentes, Dinámica, Traballo e enerxía mecánica e Interacción electrostática (dos contidos de 1º Bach).

Cando nesta proba o alumno/a obteña unha nota igual ou superior a 5, considerarase acreditada a condición para continuar con aproveitamento a materia ou materias de segundo curso escollidas

5. ESPAZOS E RECURSOS.

5.1. Os espazos dos laboratorios e a súa capacidade.

No centro cóntase con dous laboratorios un de Física e outro de Química, que ata pandemia funcionaba como aula materia

5.2. OS MATERIAIS

Laboratorio de Química

O material con moitos anos de antigüidade, precisa ser renovado para adaptarse as

necesidades actuais. É necesario a renovación do material máis imprescindible. Algúns produtos químicos antigos , sen etiqueta e algúns perigosos.

Laboratorio de Física.

Material antigo.

